

Proxecto Lingüístico

CEIP Praia Xardín

2023-2027



“Unha lingua é máis que unha obra de arte...

É matriz inesgotable de obras de arte”.

Castelao

ÍNDICE

1. Introducción
2. Marco Legal
3. Contexto sociolingüístico
 - 3.1 Situación xeográfica do Centro
 - 3.2 A Situación sociolingüística do profesorado
 - 3.3 A situación sociolingüística do alumnado
4. Emprego das linguas nas distintas etapas e áreas.
 - 4.1 Relacións que se establecen co contexto familiar e social.
5. Obxectivos Xerais Para O Fomento Da Lingua Galega.
 - 5.1. De Cara ao Contorno Sociolingüístico Do Centro
 - 5.2. De Cara á Situación Sociolingüística Do Centro/ Profesorado
 - 5.3. De Cara ao Alumnado
 - 5.4 Do Equipo de Dinamización da Lingua Galega
6. Equipos de Dinamización da Lingua Galega
 - 6.1. Actividades que desenvolve o EDLG.
7. Liñas de Actuación para o Fomento da Lingua Galega
8. Metodoloxía, Actividades e Estratexias de aprendizaxe para a adquisición das dúas linguas oficiais e das linguas estranxeiras ofertadas no centro.
 - 8.1 Acordos metodolóxicos básicos de actuación para todas as linguas
 - 8.1.1 Medidas con relación á lingua galega.
 - 8.1.2 Medidas con relación á lingua castelá.
 - 8.1.3 Medidas con relación á lingua inglesa.
 - 8.2 Actividades e estratexias para o fomento das linguas
9. Seccións Bilingües e Plurilingüismo.
 - 9.1 Obxectivos.
 - 9.2 Estratexias metodolóxicas para desenvolver o Proxecto Bilingüe
10. Medidas adoptadas para o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas.
11. Linguas que se deben empregar nas programacións.
12. Avaliación

1. Introducción

Un valor fundamental para acadar a cohesión dunha comunidade é a lingua propia, considerada como un elemento básico da identidade cultural dun pobo.

No artigo 3 da Constitución Española establécese que a lingua é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Así mesmo, no artigo 5 do Estatuto de Autonomía defínese o galego como lingua propia de Galicia, e dispón que os idiomas galego e castelán son oficiais na nosa comunidade e que toda a cidadanía ten o dereito de coñecelos e empregalos.

Queda establecido tamén que serán os poderes públicos de Galicia os que deberán potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e que disporán dos medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Con respecto aos actualmente denominados Equipos de Dinamización da Lingua Galega (en adiante EDLG), o Plan Xeral de Normalización Lingüística do ano 2004 (páxina 97) recoñece a súa presenza dentro dos centros educativos como organizadores e colaboradores da actividade académica e extraescolar do centro.

Os EDLG deben asumir proxectos realistas con obxectivos ben graduados e temporizados co fin de conseguir o seu cumprimento e ter en conta, ademais, a importancia de realización dun traballo coordinado con outros equipos do centro: equipos de ciclo, equipo de biblioteca, equipo das TIC, equipo de actividades complementarias e extraescolares; así coma con colectivos veciñais, asociacións culturais, ANPA, e con outros centros educativos próximos.

Por outra banda, cómpre salientar o Proxecto de Seccións Bilingües que se comezou a realizar no noso Centro no curso 2011/2012, co cal se pretende acadar unha mellora nas aprendizaxes nas competencias clave do alumnado en lingua inglesa, que non deberá interferir na adquisición dos contidos elementais da Educación Primaria na nosa lingua.

2. Marco Legal

A elaboración do presente proxecto lingüístico baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que seguen:

- Constitución Española de 1978.
- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia.
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario.
- Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísimo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este.
- DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 25 de xuño do 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación no segundo ciclo da Educación Infantil na CC.AA de Galicia.
- ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos

centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

3. Contexto sociolingüístico

3.1 Situación xeográfica do Centro

O CEIP Praia Xardín é un centro situado na comarca do Barbanza, concretamente na vila de Boiro, unha vila costeira, duns 19.000 habitantes. O centro conta cun total de 229 nenos/as, procedentes do entorno rural e do casco urbano, e o equipo docente está formado por 24 mestres/as.

A actividade económica baséase no sector servizos, a pesca, o marisqueo e o traballo nas industrias conserveiras, o que repercute nun nivel socio-económico medio-baixo. Pola contra, o nivel socio-cultural das familias do noso alumnado é xeralmente medio-baixo.

En canto ao contorno sociolingüístico, nos últimos anos vense observando na zona unha situación de diglosia, na que o galego comeza a ter unha menor presenza. Esta é unha situación lingüística sobre a que debemos reflexionar e cuestionar a nosa responsabilidade como docentes. Para o alumnado, xunto coas familias, somos referentes á hora de construír esquemas cognitivos, emocionais, sociais e persoais; polo que debemos ser conscientes de que as nosas intervencións educativas aportan un patrimonio lingüístico que vai determinar a riqueza do seu desenvolvemento integral.


Como comunidade educativa debemos ser conscientes de que as linguas suman, nunca restan. Se borramos o galego, pechamos oportunidades en todas as facetas da vida. Podemos dicir que, sen lugar a dúbidas, é unha das problemáticas que vai empeorando co paso do tempo no noso centro e que urxe unha resposta.

3.2 A Situación sociolingüística do profesorado


Para elaborar este proxecto elaboramos unhas enquisas online e anónimas para ver a situación do claustro fronte o emprego das diferentes linguas do noso contorno.

Como observamos hai un emprego maioritario do galego entre os docentes, sendo estes maioritariamente galegofalantes, aínda que hai un amplo número de mestres que alternan o emprego castelán nalgún momento.

Que lingua...



No centro educativo, que lingua...



Actualmente, en que lingua...?


Copiar



Como consideras a túa capacidade para empregar o galego?

 Copiar


16 respostas



Que che resulta máis difícil en galego?

 Copiar


16 respostas



Que lingua emprega o alumnado nas túas clases?

 Copiar


16 respostas



En que outros ámbitos empregas/usas o galego?

 Copiar


16 respostas



A túa opinión sobre a presenza do galego no centro: en rótulos, taboleiros, actividades extraescolares, aula virtual...

 Copiar

16 respostas



3.3 A situación sociolingüística do alumnado


Para analizar a situación lingüística do noso alumnado elaboramos dúas enquisas. Unha para as familias do alumnado da etapa de educación infantil e 1º, 2º, 3º e 4º de educación primaria. E outra para o alumnado de 5º e 6º curso que cubriron os propios nenos e nenas. Estas foron anónimas e cubertas de forma online.

Análise da enquisa de Infantil e primeiros cursos de educación primaria (cubertas familias): participaron un total de 65 familias.

En que etapa e curso actual está o voso fillo/a

65 respostas

 Copiar




- 4º Educación Infantil
- 5º Educación Infantil
- 6º Educación Infantil
- 1º Educación Primaria
- 2º Educación Primaria
- 3º Educación Primaria
- 4º Educación Primaria

Fala o neno/a só unha lingua na casa?

65 respostas

 Copiar




- Si
- Non

Se a resposta é si, especificar que lingua

31 respostas

 Copiar




- Galego
- Castelán
- Outra

Fala o neno/a máis dunha lingua na casa?

64 respostas

 Copiar




- SI
- NON

Se a resposta é SI, especificar que linguas son

 Copiar

40 respostas




- Galego e castelán
- Castelán e inglés
- Galego e outra
- Castelán e outra
- Galego, castelán e inglés

Que lingua usades os proxenitores/conviventes entre vós?

 Copiar

65 respostas




- Galego
- Castelán
- Outra

Cal é a lingua predominante do proxenitor/a 1

 Copiar

65 respostas




- Galego
- Castelán
- Outra

Que lingua emprega o proxenitor/a 1 co seu fillo/a?

 Copiar

65 respostas




- Galego
- Castelán
- Outra

Cal é a lingua predominante da proxenitora/or 2?

 Copiar


65 respostas



Que lingua emprega a proxenitora/or 2 co seu fillo/a?

 Copiar


65 respostas



Que lingua emprega o neno/a cos proxenitores/conviventes?

 Copiar


65 respostas



Que lingua fala o neno/a co irmán/ás (se ten)

 Copiar


48 respostas



Que lingua fala o neno/a cos amigos/as?

 Copiar


65 respostas



Lingua predominante na veciñanza?

 Copiar


65 respostas



En que lingua consumides material audiovisual?

 Copiar


65 respostas



Empregades algún servizo "streaming" na casa tipo Netflix, HBO, AmazonPrimeVideo?

 Copiar


65 respostas



Se a resposta anterior é SI, en que lingua?

 Copiar

52 respostas



Un dato curioso é que aínda sendo o galego a lingua predominante no ámbito familiar (fálano os proxenitores entre eles, co nenos e nenas....) son os nenos e nenas os que falan moito mais castelán na casa cos seus pais, nais ou titores/as. Igual pasa cando o neno/a fala cos seus amigos/as que o fai maioritariamente en castelán.


Como causa disto podemos apuntar o consumo maioritario de material audiovisual en castelán, onde a presenza do galego é mínima. Outro factor é a escasa produción, tradución e catálogos deste material na nosa lingua. Os nenos e nenas non teñen á súa disposición material atractivo na lingua galega, nin referentes que fomenten o emprego e valor desta lingua.

Análise da enquisa cuberta polo alumnado de 5º e 6º curso de educación primaria.

En que lingua aprendiches a falar?

 Copiar


26 respostas



Que lingua se fala habitualmente na túa casa?

[Copiar](#)

26 respostas




- Só castelán
- Predominantemente en castelán
- Castelán e galego por igual
- Predominantemente galego
- Só galego
- Outras

Que lingua falas cos avós e avoas?

[Copiar](#)

26 respostas




- Castelán
- Galego
- Ambas
- Outras

Que lingua empregas cos amigos e amigas?

[Copiar](#)

26 respostas




- Só castelán
- Predominantemente castelán
- Castelán e galego por igual
- Predominantemente galego
- Só galego
- outras

Que lingua usas habitualmente na escola?

 Copiar


26 respostas



En que te sintes máis cómodo/a falando?

 Copiar


26 respostas



En que lingua consumes maioritariamente o material audiovisual?

 Copiar


26 respostas



Escoitas grupos de música en galego?

 Copiar


26 respostas



Se puxeches si, cales?

 Copiar


6 respostas



Coñeces páxinas onde atopar series e música en galego?

 Copiar


26 respostas



Ves algunha serie ou debuxos en galego?

 Copiar

26 respostas



En caso de contestar Si, cal ou cales?


6 respostas

Rantaro o ninja pequeno
Xabarin club
Si
Dragón ball e detective Conan
Sinchan, Pipi calzas longas...
Doraemon,dragon ball

Gústache ler en galego?

 Copiar


26 respostas



Se puxeches non, por que?

 Copiar


19 respostas



Consideras o galego unha lingua importante?

 Copiar

26 respostas



Se puxeches Non, por que?

3 respostas

Es importante en Galicia,pero fuera de Galicia nadie te va entender el gallego .Estaría bien enseñar las dos lenguas x igual ,todos los libros de de texto están en gallego ,menos castellano y inglés.

Porque e mais importante o castelan

Por qué solo sirve para Galicia

4. Emprego das linguas nas distintas etapas e áreas.

Na etapa de **Educación Infantil** segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüísmo no ensino non universitario de Galicia, no noso centro, na etapa de Educación Infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa.

Segundo o cuestionario que cumprimentaron as familias do alumnado nos últimos anos, atopámonos cunha situación de lixeiro predominio do galego sobre o castelán; sendo ás veces mínimo. A segunda lingua, o castelán, será introducida paulatinamente mediante a realización de diferentes actividades (contos, cancións e retrosos, monicreques, diferentes xogos,...)

Tendo en conta que o obxectivo que se persegue é que o alumnado manteña a súa lingua nai e que vaia acadando progresivamente unha boa competencia na lingua castelá, consideramos que o camiño a seguir será a utilización do galego de xeito

habitual polos docentes, xa que nos niveis educativos posteriores, neste Centro, o alumnado castelán falante é maioritario. Así mesmo haberá que comprobar periodicamente o grao de dominio do castelán por parte do alumnado para que acaden a competencia a un nivel axeitado. Dado que a oralidade é a característica xeral desta etapa tratarase de que o alumnado que ten como lingua o galego consolide esta e amplíe os seus usos ás diferentes situacións que xurdan na vida escolar.

Na etapa de **Educación Primaria**, segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no noso centro garantiremos a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia. As materias de linguas impártense no idioma de referencia, Matemáticas en castelán e Ciencias da Natureza e Sociais en galego. As linguas nas que se impartirán as diferentes áreas reflíctense no cadro adxunto:

	CURSOS					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	4
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	4
Matemáticas	5	5	4	4	4	4
Ciencias sociais	2	3	2	3	2	2
Ciencias da natureza	3	2	3	2	3	2
Lingua estranxeira	2	2	3	3	3	3
Educación plástica e visual	1	1	1	1	1	1
Música e danza	1	1	1	1	1	1
Educación física	2	2	2	2	2	2
Relixión / PC	1	1	1	1	1	1
Educación en Valores Cívicos e Éticos						1
	11/11	11/11	11/10	11/10	11/10	11/10
TOTAIS	25	25	25	25	25	25

Lingua Galega

Lingua Castelá

Lingua Estranxeira

4.1 Relacións que se establecen co contexto familiar e social.

Temos que ter presente as relacións que se establecen con axentes externos ao centro escolar, incluíndo neste grupo ás familias, á administración local, a diversas asociacións culturais e deportivas, etc.

Deberemos ter en conta que en todas estas relacións deberá primar o emprego da lingua galega:

- Na correspondencia que se estableza coas familias do alumnado.
- Na lingua oral empregada cando se mantén unha conversa coas familias dos/as alumnos/as.
- Nas xuntanzas con persoal do Concello.
- Naquelas actividades programadas conxuntamente con outras asociacións culturais...

5. Obxectivos Xerais Para O Fomento Da Lingua Galega.

En función dos resultados das enquisas, podemos observar que é preciso reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación a contextos vivos, facilitándolle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua propia e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística na que se enmarca cada centro. Todos estes obxectivos son concretados anualmente na addenda correspondente que irá incluída na PXA.

5.1. De Cara ao Contorno Sociolingüístico Do Centro

- Consolidar o uso do galego como lingua de comunicación oral e escrita entre os axentes educativos máis próximos ao centro.

- Ampliar e consolidar os espazos de uso da lingua oral.

- Establecer liñas de colaboración con distintas asociacións culturais e doutras naturezas da comarca, así como co comercio local.

- Sensibilizar a toda a comunidade arredor da linguaxe sexista e progresar na súa eliminación.

- Ofrecer alternativas en galego de lecturas, espazos na rede, música ou audiovisuais; a través de obradoiros conxuntos e folletos, trípticos, dípticos con recomendacións, etc.

- Por en valor a riqueza cultural do entorno, establecendo relacións coa comunidade.

- Valorar a identidade galega no día a día, no só nas datas conmemorativas, reflexionando sobre a riqueza que isto implica.

- Facer partícipe a toda a comunidade educativa das distintas actividades que se desenvolven.

- Visibilizar as actividades levadas a cabo a través das canles telemáticas ou da revista escolar, entre outras.

- Concienciar e sensibilizar ás familias sobre a importancia que ten ter unha lingua propia e que cantas máis linguas maior calidade e cantidade será a formación dos seus fillos/as, contribuíndo a desterrar os prexuízos detectados.

- Implicar activamente ás familias en diversas actividades que se deseñen, facendo visible o valor da súa colaboración (exposicións, recitais, representacións...)

- Invitar ás familias que teñan coñecementos noutras linguas a desenvolver distintas actividades no centro (contacontos, cancións...)

5.2. De Cara á Situación Sociolingüística Do Centro/ Profesorado

- Diseñar, coordinar e apoiar propostas de traballo que favorezan o uso do galego.

- Dotar ao centro dos materiais curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.

- Implicar ao profesorado en actividades que potencien a lingua e o patrimonio artístico e cultural galego así coma en diferentes proxectos anuais.

- Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia do país.

- Organizar e impulsar a celebración de datas conmemorativas (Día de Rosalía, Día da ciencia en galego, Semana das letras galegas...)

- Realizar saídas culturais coa finalidade de coñecer a contorna e convivir con nenos/as do mesmo nivel e/ou doutros, así coma cos/as mestres/as.

- Apostar pola introdución, integración e normalización das TICS con contidos de deseño en galego na práctica educativa, potenciando unha mirada crítica.

- Sensibilizar e informar sobre distintas problemáticas sociolingüísticas que se detecten.

- Potenciar a dignificación do uso do galego como lingua de prestixio, analizando os distintos prexuízos que se detectan.

- Posibilitar a integración do alumnado que non posúa coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante se o houbera.

5.3. De Cara ao Alumnado

- Contribuír a desenvolver a conciencia lingüística eliminando prexuízos detectados cara a lingua galega, potenciando actitudes positivas de uso, fortalecendo a autoestima e poñendo o acento na súa utilidade, na importancia da diferenza...

- Fomentar o uso da lingua galega en calquera situación e contexto.

- Facer visible usos do galego en contextos e soportes variados: internet, roupas... ofrecéndolle referentes que falen en galego, para avanzar no prestixio da lingua: escritores/as, deportistas, cantantes...

- Invitar ao alumnado a participar en actividades que fomenten a utilización da linguaxe oral.

- Potenciar o gusto por escoitar lecturas, cancións... en galego.

- Avanzar na introdución das TICS no día a día, como un recurso máis na aula.

- Potenciar a valoración dos recursos culturais do contorno.

- Sensibilizar sobre o uso da linguaxe sexista.

5.4 Do Equipo de Dinamización da Lingua Galega

- Continuar co proceso de dinamización da lingua galega.

- Potenciar a visión do Equipo de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita ás súas actuacións.

- Promover, impulsar e coordinar diferentes actividades en colaboración cos demais Equipos de traballo do centro: Actividades Complementarias e Extraescolares, TIC e Biblioteca.
- Apoiar as medidas que axuden a incrementar o uso da lingua galega na comunidade educativa.
- Promover as festas tradicionais galegas e o coñecemento da riqueza cultural da contorna.
- Empregar distintos medios técnicos como instrumentos para a difusión das actividades a prol da Lingua Galega, fomentando o uso das TIC.
- Realizar determinadas actividades con carácter estable ao longo do curso: Samaín, Magosto, Entroido, Día da Ciencia, Día do Libro, Celebración Letras Galegas...
- Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vencellados coa cultura na zona: exposicións, festexos, revistas...
- Facilitar a asistencia ao colexio de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros relevantes da escena pública, que promovan a lingua e cultura galegas.

6. Equipos de Dinamización da Lingua Galega

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro ten como finalidade potenciar o uso da lingua propia entre toda a comunidade educativa. Está composto por mestres/as que actúan en representación de todos os niveis e etapas.

O EDLG promove e dinamiza unha serie de actividades incardinadas nun proxecto anual de centro e colabora, de xeito coordinado, co resto de equipos de traballo: equipos de nivel, equipo de biblioteca, equipo TIC e equipo de actividades complementarias e extraescolares e tamén co Departamento de Orientación.

Algunhas das actividades teñen carácter xeral e estable e execútanse nun contexto plurianual, establecéndose unha continuidade no tempo; mentres que outras teñen unha vixencia puntual, dentro dun ano académico, e varían, polo tanto, dun curso a outro.

6.1. Actividades que desenvolve o EDLG.

Dentro das actividades que o EDLG ven desenvolvendo neste centro escolar, podemos dividilas en dous ámbitos ben diferenciados:

- As referidas á análise, valoración e adaptación, centradas:
 - o Na realidade social do centro.
 - o Na realidade local.
 - o Na realidade da comunidade.
- As pedagóxicas, que serán amplamente detalladas no seguinte apartado, relativo ás liñas de actuación.

7. Liñas de Actuación para o Fomento da Lingua Galega

Cómpre sinalar que o principal receptor das actividades programadas vai ser o noso alumnado, e o que se pretende é unha participación dinámica e activa por parte del.

Trataremos de potenciar un uso funcional e positivo da nosa lingua, fuxindo de estereotipos negativos cara o emprego do galego e coidando a linguaxe de maneira que respectemos todas as sensibilidades (inclusiva, non sexista). Espertar o interese e o amor pola lingua será o noso obxectivo fundamental.

Unha vez formulados os obxectivos que se pretenden acadar ao longo da vixencia deste proxecto e que se concretarán anualmente na adenda correspondente a cada

curso escolar, expóñense unha serie de actividades que poden ser levadas a cabo dende o EDLG para a consecución de ditos obxectivos:

- Realización das enquisas sociolingüísticas no noso centro para a renovación do proxecto cando corresponda.

- Levar a cabo compilacións de cantigas, contos, lendas, refráns e tradicións da zona.

- Dar a coñecer a orixe, historia, tradicións propias da zona ou doutros lugares de Galicia para algunhas celebracións: o Magosto, a figura do Apalpador no Nadal, Entroido, San Xoán...

- Facilitar ligazóns de interese e páxinas web axeitadas a cada etapa (Infantil e Primaria) e a cada nivel educativo, que permitan afondar dende a titoría nos contidos propios de determinadas conmemoracións e festas tradicionais: Magosto, Samaín, Entroido, Día do Libro, Día das Letras Galegas...

- Realización de actos abertos a toda a comunidade educativa sobre a celebración das festas tradicionais: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Romaría das Letras Galegas.

- Campañas de animación á lectura coa realización de actividades plásticas e literarias, exposición de materiais creados tanto no propio centro como achegado por outras institucións e elaboración de material divulgativo.

- Compilación dalgúns traballos do alumnado, quedando á disposición de todos os que os queiran revisar na biblioteca do centro.

- Participación na elaboración da revista escolar.

- Difusión e participación en diversas actividades organizadas e promovidas polo Concello de Boiro, ou por outras asociacións, en relación ao emprego do galego ou á difusión da cultura propia de Galicia.
- Pedirlle a pais/nais, avós/avoas que participen activamente na realización de obradoiros ou charlas para o alumnado.
- Realización de saídas didácticas relacionadas co ámbito da lingua galega e das tradicións populares.
- Realización de saídas didácticas relacionadas co coñecemento da contorna natural e cultural.
- Programación de visitas ao centro por parte de contacontos, escritores, ilustradores ou artesáns.
- Coordinación en colaboración do Departamento de Deportes do Concello e outros centros escolares de xornadas deportivas, de xogos tradicionais ou todas aquelas que difundan a cultura galega.
- Uso da radio escolar para fomentar o uso da lingua galega.

8. Metodoloxía, Actividades e Estratexias de aprendizaxe para a adquisición das dúas linguas oficiais e das linguas estranxeiras ofertadas no centro.

8.1 Acordos metodolóxicos básicos de actuación para todas as linguas

- Motivarase ao alumnado para que valore a realidade plurilingüística e a riqueza cultural de Galicia, impulsando a lingua galega como elemento da identidade persoal e social.
- Fomentarase a valoración das nosas tradicións, lendas, contos, refráns..., concienciándoos da importancia que ten o axeitado uso da lingua para o desenvolvemento persoal e da vida social, e a súa conservación.

- Participaremos activamente en situacións de comunicación oral, espontáneas ou planificadas, comprendendo os textos orais e interpretando os seus principais elementos estruturais e de contido.

- Potenciarase a lectura, aplicando estratexias adecuadas aos diferentes tipos de textos e en diferentes soportes.

- Fomentarase a comunicación escrita e oral como fonte de diversión, información e medio de expresión dos valores sociais e culturais.

- Identificaremos a intención comunicativa dunha mensaxe, oral ou escrita, constituída por distintos códigos, verbais e non verbais.

- Utilizaremos o dicionario como ferramenta básica de axuda para ampliar os coñecementos, así como as ferramentas dixitais que hai.

- Automatizarán as normas ortográficas máis frecuentes coa axuda de ferramentas dixitais: Ortogal.

- Empregaremos os medios de comunicación como fonte de información e para construír unha opinión propia e obxectiva.

8.1.1 Medidas con relación á lingua galega.

- Informar ao profesorado dos cursos e actividades de formación sobre a lingua galega.
- Dotar ao profesorado dos materiais e recursos dixitais necesarios en lingua galega (dicionarios, gramática, atlas, mapas, ortogal, galipedia, recursos de creación propia...).
- Solicitar das editoriais o material didáctico e de apoio ao profesorado que se precise.
- Potenciar o uso oral da lingua galega nas relacións coas familias, co alumnado e co persoal non docente.
- Potenciar o uso oral da lingua galega nas reunións dos órganos de xestión e coordinación docente.

- Fomentar no alumnado o emprego da lingua galega como lingua de relación.
- Elaborar en galego toda a documentación pedagóxica que proceda.
- Utilizar a lingua galega na xestión administrativa do centro.
- Usar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación en galego, sempre que sexa posible.
- Propiciar a realización de actividades e o intercambio de experiencias con outros centros educativos.
- Implicar a toda a comunidade no proceso de normalización da lingua galega.

8.1.2 Medidas con relación á lingua castelá.

- Manter informado aos membros do claustro das actividades de formación sobre lingua castelá.
- Achegarlle aos docentes os materiais e recursos dixitais necesarios.
- Demandar das editoriais o material didáctico e de apoio ao profesorado que se precise.
- Propiciar a participación en actividades e visitas culturais que favorezan a aprendizaxe do idioma.

8.1.3 Medidas con relación á lingua inglesa.

- Dar información dos cursos e actividades de formación sobre lingua inglesa, así coma das actividades de inmersión lingüística convocadas pola Consellería de Educación e outras entidades.
- Solicitar ás editoriais o material didáctico e de apoio ao profesorado que se precise.
- Proporcionarlle ao profesorado os materiais e recursos dixitais necesarios.
- Desenvolver o Proxecto de Seccións Bilingües en toda a etapa da educación primaria.

- Fomentar o uso das catro destrezas lingüísticas (escoita, fala, lectura, escritura) dentro e fóra da aula, potenciando a competencia comunicativa.
- Utilizar recursos audiovisuais e Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC).
- Aproveitar o programa de auxiliar de conversa para mellorar a competencia en lingua inglesa e o coñecemento da cultura anglosaxona do alumnado e do profesorado.
- Potenciar a realización de actividades en lingua inglesa no marco das actividades xerais do centro (celebracións, festivais...).
- Participar en programas internacionais.

8.2 Actividades e estratexias para o fomento das linguas

Dende o Equipo directivo, o departamento de orientación, o EDLG, así como as demais coordinacións dos equipos docentes, propiciaremos todo tipo de actuacións que favorezan o uso e práctica das distintas linguas. Ademais das actividades realizadas nas liñas de actuación do punto 7, procuraremos levar a cabo as seguintes actividades e estratexias para o fomento das dúas linguas oficiais, así como das linguas estranxeiras:

- Trasladarase ó profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes, tendo moi presentes aqueles relacionados coas novas tecnoloxías e recursos dixitais.

- Compilación e creación de poemas de temática determinada.

- Consulta e interpretación de cancioneros en ambas linguas.

- Faremos visitas culturais e educativas para participar en actividades organizadas dende o Centro, o Concello ou outros organismos.

- Realizar actividades relacionadas co xogo tradicional comparando con aspectos socioculturais doutros lugares.

- Fomento da tradición oral.

- Compilación de traballos realizados polo alumnado.

- Compilación de actividades de elaboración de receitas do mundo.
- Realización de representacións teatrais e poéticas en todas as linguas.
- Aprendizaxe e interpretación de cantigas nas linguas traballadas no centro.
- Participación en concursos dirixidos a centros educativos.
- Crearemos espazos para a exposición de materiais que se vaian facendo nas aulas.
- Uso da biblioteca como lugar de fomento da adquisición das diferentes linguas a través de contacontos, exposicións,...
- Relación cos EDLG doutros centros para realizar actividades conxuntas e intercambiar experiencias.

9. Seccións Bilingües e Plurilingüismo.

Este curso 2022/23, o CEIP Praia Xardín, entrou a formar parte da Rede de Centros Plurilingües según o establecido na Orde do 12 de maio de 2011 polo que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia. O programa de Plurilingüismo implantarase na área de Educación Plástica e Visual, de xeito progresivo durante os vindeiros seis anos, comezando no curso 2023/2024 no 1º nivel de EP.

O obxectivo principal da implantación do plurilingüismo no noso centro é desenvolver no alumnado, ao longo de Primaria, o coñecemento e uso adecuado tanto da lingua castelá, coma da galega, coma da inglesa. Co programa de plurilingüismo, preténdese que os alumnado acade, ao remata a etapa de Educación Primaria, os seguintes obxectivos:

- Lograr un coñecemento profundo da lingua inglesa de maneira natural e dende os primeiros momentos do aprendizaxe.
- Conseguir o dominio da lingua inglesa ao finalizar o programa de bilingüismo implantado no centro.
- Lograr o dominio das destrezas que caracterizan a aprendizaxe dunha lingua: escoitar, falar, ler, escribir e interactuar.

- Adquirir unha competencia similar á da lingua materna no idioma inglés que lles permita utilizar unha ou outra lingua en calquera circunstancia con parecida eficacia.

- Coñecer e aprender os aspectos fundamentais que caracterizan a sociedade da cultura anglosaxoa.

- Valorar o coñecemento doutras sociedades e culturas a través do uso do inglés, facendo posible o acercamento entre os cidadáns da UE e outros continentes.

Por outra banda, as seccións bilingües, impartidas no centro dende o ano 2006, constitúen unha forma de reforzar a competencia lingüística do alumnado e son unha clara aposta pola dimensión europea dos centros de ensino, no noso centro lévanse a cabo dende o 2º ata o 6º curso de Educación Primaria, e están regulada pola Orde do 12 de maio de 2011.

Na actualidade, as seccións bilingües contribúen a afondar no coñecemento do idioma estranxeiro, e tamén promoven o seu uso en situacións comunicativas sinxelas e significativas para o alumnado nun contorno máis distendido, distinto do habitual estudo do inglés. Así mesmo, axudan a fomentar actitudes máis respectuosas cara as persoas de diferentes países e culturas, xa que poñen ao alumnado en contacto con outras visións culturais diferentes.

10. Medidas adoptadas para o alumnado que non teña suficiente dominio das linguas e poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se imparten.

Unha das causas principais polas que o alumnado pode presentar dificultade ou escaso dominio da lingua é a súa procedencia do estranxeiro ou doutra comunidade autónoma.

Tal e como se recolle no D229/2011 que regula a atención á diversidade así como no artigo 67 da Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve, o alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo e poderá participar nun grupo de adquisición das linguas e/ou nun grupo de adaptación da competencia curricular se presenta,

respectivamente, descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.

No momento da incorporación do alumno ou alumna ó sistema educativo faráselle unha avaliación inicial, dos datos obtidos, tomaranse decisións que determinarán a organización da resposta educativa máis axeitada para este alumno/a.

Este alumno, tendo en conta a Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega. Poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos cando a súa incorporación ao sistema educativos galego sexa no terceiro ciclo de educación primaria, é dicir, en 5º e 6º curso.

- **Alumnado procedente doutra comunidade autónoma ou país (descoñecemento só do galego)**

Coa finalidade de que este alumnado adquira unha competencia lingüística axeitada en lingua galega, levarase a cabo unha inmersión lingüística no contexto escolar e poderá contar cos apoios que foran precisos para progresar no dominio desta lingua.

- **Alumnado procedente do estranxeiro (sen dominio das dúas linguas oficiais)**

Para este alumnado poderase crear un grupo de adquisición das linguas no cal se poderán incluír alumnos e alumnas dende 6º de educación infantil en adiante. Para iso deseñárase un programa impartido polo profesorado con dispoñibilidade horaria que será desenvolto fóra da aula ordinaria. As principais finalidades do programa son:

- A adquisición das linguas vehiculares en Galicia permitindo así a comunicación.
- O acceso á lingua como instrumento de aprendizaxe.
- A integración do alumnado e a mellora da convivencia.

Outra das causas polas que o alumnado pode presentar dificultade ou escaso dominio da lingua é por presentar necesidades educativas especiais.

Para este alumnado, o proceso de ensino – aprendizaxe deberá desenvolverse na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua, previa valoración individual de cada caso.

Para a adopción de medidas máis concretas, dirixirémonos ao Plan de Atención á Diversidade do centro, así como aos Programas de Intervención Individual que as mestras especialistas en PT e AL elaboran cada curso e para cada alumno/a en concreto.

Para todo o alumnado obxecto deste punto deberemos traballar os aspectos máis formais na primeira lingua, centrándonos máis na oralidade e nos aspectos máis informais e funcionais nas outras linguas. Isto suporá:

- Dar maior importancia ás destrezas orais.
- Utilización de textos da vida cotiá.
- Intentar que sempre estea presente o enfoque comunicativo.
- Integrar a utilización das TIC nas tarefas habituais.

11. Linguas que se deben empregar nas programacións.

Segundo se dispón no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.

12. Avaliación

O Equipo de Dinamización de Lingua Galega determinará os mecanismos e instrumentos necesarios para a consecución de datos que lles permitan coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos inicialmente propostos, tales coma:

- Realización de enquisas e estatísticas sobre o emprego da lingua galega.
- Observación directa.

En función desta análise, estableceranse as oportunas modificacións e axustes.

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art.

14º). Previamente, realizaremos unha valoración deste no seo do claustro, onde tamén se debaterán as diferentes propostas. As conclusións que se obteñan expoñeranse no consello escolar, quen, como xa indicamos, aprobará o Proxecto Lingüístico. Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo de Inspección Educativa. Anualmente, elaborárase unha addenda do proxecto lingüístico na cal conste:

- - Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte ano académico.
- Sé é o caso de que haxa unha modificación na impartición de materias en lingua(s) estranxeira(s), informárase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola Consellería competente en materia de educación.

Así mesmo, no mes de xuño, na memoria anual, recollerase a avaliación dos seguintes ítems:

- Consecución dos obxectivos propostos.
- Análise das actuacións dinamizadoras levadas a cabo.
- Valoración do grao de implicación dos membros da Comunidade Educativa.
- Análise dos materiais e recursos empregados.
- Progreso do alumnado na adquisición de competencias lingüísticas tendo en conta as propostas realizadas.
- Valoración da incidencia do proxecto na Comunidade Educativa.
- Avaliación dos resultados das actividades levadas a cabo: consecución do obxectivo, participación, interese...